



CAMPO DE VOLUNTARIADO “LEMRADO A NOSA PEGADA” (SERRA DE OUTES - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
2-13/08/2020	18-30	Autonómico	Medioambiental	12

LOCALIZACIÓN



O concello de Outes forma parte da comarca de Noia, que está integrada, ademais, polos concellos de Noia, Lousame e Porto do Son. Esta comarca atópase na costa oriental da provincia da Coruña. Poucos concellos gozan do privilexio de situarse nun marco xeográfico que ofrezca tan rica variedade de formas e contornos, matices paisaxísticos e contrastes.

O seu término ocupa 100 km cadrados. A capital municipal está na Serra de Outes e dista 7 km de Noia, 15 km da Picota (Mazaricos), 25 km de Muros, 40 km de Santiago de Compostela e 105 km da Coruña.

O LIC (Lugar de Interese Comunitario) do Estuario do Tambre esténdese dende o embalse Barrié de la Maza ata a Punta Cambrona no Freixo (Outes), na banda dereita da súa desembocadura, e Punta Cabalo en Boa Grande (Porto do Son) no lado contrario. Está, pois, na parte máis interna da Ría de Noia-Muros. Abarca tamén os estuarios dos ríos Tambre e Tins en Outes, onde a miúdo se pode ver una gran variedade de aves que repousan e se alimentan no humidal que forma o espazo intermareal.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

- Posta en valor das áreas onde se atopan os Gliptógrifos de Carballa da Cova: Sinalización. Limpeza de vexetación. Posta en valor do ben patrimonial.
- Visualización da ruta natural coas novas tecnoloxías.
- Limpeza e sinalización dos petróglifos de Fontemoureira (Freixo).
- Dinamización dos petróglifos e Ruta nocturna para contemplar e ver os petróglifos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Náuticas (kayak, mergullo de superficie, *paddleboard*)
- Praia.
- Tiro con arco
- Xeolocalización.
- Deporte e xogo tradicional.
- Excursión a Santiago de Compostela

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas ás modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR

Santiago de Compostela está a 40 km da Serra de Outes. Dende a estación de autobuses de Santiago, pódese pillar un autobús da compañía Monbus (www.monbus.es) que conecta con Serra de Outes.

A Coruña está a 110 km da Serra de Outes. Dende a estación de autobuses da Coruña a Santiago de Compostela, deberás pillar un autobús da empresa Monbus. Hai tamén a posibilidade de facer o traxecto en tren.

Para viaxar dende Vigo hai que facer escala en Santiago. Pódese ir en autobús con Monbus ou en tren.





CAMPO DE VOLUNTARIADO “LEMRADO A NOSA PEGADA” (SERRA DE OUTES - A CORUÑA)

ALOXAMENTO

O aloxamento do campo de voluntariado será no CEIP da Serra de Outes, en liteiras individuais.

INCORPORACIÓN

O primeiro día ata as 19:00 h na Casa da Cultura de Outes (Avda. de San Campio, 1 - 15230 Serra de Outes).

A Casa da Cultura atópase a 50 m da parada de autobús.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital en que se encontrara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo

- Roupa: de deporte (suadoiro...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas, gorro de baño...), de abrigo (roupa adecuada para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...). Lanterna
- Ordenador portátil persoal, quen o poida traer.
- **Medicamentos en caso de tratamento.**

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude da Coruña. Tfno.: 881 881 238

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

www.outes.es. Información sobre o municipio de Outes, situación, turismo, transportes, accesos...